

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 30 de xaneiro de 2020, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Aprobación de valoracións correspondentes os criterios de valoración non automática (sobre B) acadadas polas empresas que optan á adxudicación do lote número 1 do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de produción e catering da Gala de Turismo para promoción do destino Rías Baixas (Nº Expte.- 2019052073).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 17 de decembro de 2019, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do *servizo de produción e catering da gala de turismo para a promoción do destino Rias Baixas, dividido en dous lotes:*

Lote 1: Producción da Gala de Turismo

Lote 2.- Servizo de catering da Gala do Turismo

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de decembro de 2019.

A Mesa de Contratación na reunión do día 9 de xaneiro de 2020 procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondente a documentación administrativa. A única empresa presentada e admitida foi GLOBAL SETUP SL D, S.L. (NIF: B-94.119.104) para o lote número 1 correspondente a produción da Gala de Turismo. No caso do lote número 2 non se presentaron ofertas.

A Mesa de Contratación na reunión do día 9 de xaneiro de 2020 tamén procedeu á apertura dos sobres “B”, documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referido servizo, remitíndose dita documentación ó servizo de Turismo Rías Baixas para á súa valoración.

A Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, Dona Ruth González Reyes e a Técnica de Turismo Inés Calvo Pensado, con data 21 de xaneiro de 2020, emitiu informe conxunto relativo a valoración da documentación técnica presentada figurando a única empresa presentada e admitida co seguinte resultado:

Criteria de valoración mediante xuízo de valor do Lote número 1.- Producción da gala.	Puntos máximos	GLOBAL SETUP, S.L.
-Características técnicas do equipamento ofertado	25	18
-Equipo de traballo a maiores do mínimo esixido	24	7
TOTAL.....	49	25



A Mesa de Contratación en base ó informe conxunto da Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, Dona Ruth González Reyes e da Técnica de Turismo Inés Calvo Pensado, de data 21 de xaneiro de 2020, acorda prestar conformidade á puntuación acadada pola única empresa presentada e admitida ó procedemento convocado para a contratación do lote número 1 correspondente ó *servizo de produción da gala de turismo para a promoción do destino Rias Baixas*.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, a trinta de xaneiro de dous mil vinte.

